

I concurso de avións de papel “Gumersindo Areán” Modalidades “Distancia” e “Duración”

1. Poderá participar calquera persoa pertencente á comunidade educativa do Instituto Laxeiro, incluído profesorado e persoal de administración e servizos. Quedan excluídos os membros da organización, así coma os xuíces de calquera das probas.
2. Cada participante só poderá presentar un modelo a concurso en cada modalidade.
3. O material para a construción dos avións deberá ser papel ou cartulina.
4. O tamaño máximo a partir do que se obterá o avión será o formato A4 (210mm x 297 mm). Permítese cortar anacos do papel, pero estes anacos non poderán ser pegados novamente. No modelo final unicamente se permitirán pequenos cortes para formar aleróns ou elementos similares.
5. Permítese o uso de clips ou grapas para equilibrar o balance ou peso do avión. En todo caso, non se poderán utilizar máis de catro destes elementos en total.
6. Cada participante realizará un máximo de dous lanzamentos válidos. No suposto de que haxa algún lanzamento non válido (ver punto seguinte) permitiráselle realizar un único lanzamento adicional.
7. Un lanzamento non será válido nos seguintes casos:
 - (a) Cando a distancia percorrida polo avión non supere os tres metros (modalidade “Distancia”) ou cando o tempo de voo non supere os dous segundos (modalidade “Duración”).
 - (b) Cando o avión choque contra algún obstáculo durante o seu voo.
 - (c) Cando o participante sexa molestado ou interrompido durante o lanzamento.
8. A distancia acadada polo voo do avión será medida en liña recta dende o punto de lanzamento ata que o avión toca o chan. O tempo de voo será medido dende que o avión sae da man do lanzador ata que o avión toca o chan.
9. Gañará aquel avión que recorra unha maior distancia durante o seu voo (modalidade “Distancia”) ou que teña un maior tempo de voo (modalidade “Duración”).

I concurso de avións de papel “Gumersindo Areán” Modalidade “Deseño”

1. Poderá participar calquera persoa pertencente á comunidade educativa do Instituto Laxeiro, incluído profesorado e persoal de administración e servizos. Quedan excluídos os membros da organización, así coma os xuíces de calquera das probas.
2. O material para a construción dos avións deberá ser papel ou cartulina.
3. O avión poderá estar construído a partires de un ou de varios papeis. Pódese utilizar calquera formato de papel, se ben o modelo finalizado non debe sobrepasar as medidas 300 mm x 250 mm x 250 mm.
4. Non se pode utilizar pegamento, celo ou calquera outro elemento adhesivo na construción do avión. No caso de utilizar varios módulos, estes deberán quedar ensamblados formando un conxunto estabel sen a necesidade dos elementos anteriores.
5. O modelo final poderá ser pintado ou barnizado con obxecto de mellorar a súa estética e acabado. Non se poderá utilizar o barniz como método de unión de módulos.
6. No caso de modelos barnizados, os participantes deberán presentar unha copia sen barnizar.
7. Os participantes poderán ser requeridos polos xuíces ou organizadores a que expliquen ou, no seu caso, reproduzan o/os modelo/modelos presentados con obxectos de demostrar que se cumpren os tres puntos anteriores.
8. Cada participante poderá presentar un máximo de tres modelos distintos a concurso. Os modelos non teñen que ser inéditos, aínda que se valorará positivamente que o sexan.
9. Os criterios de puntuación para otorgar os premios serán os seguintes:
 - A beleza e mérito artístico do deseño.
 - A calidade e beleza no plegado e, se procede, na montaxe dos módulos.
 - A orixinalidade e innovación que aporte o modelo.

I concurso de avións de papel “Gumersindo Areán” Datas e premios

Modalidades “Distancia” e “Duración”:

- Tódolos participantes deben inscribirse con antelación. A data límite para inscribirse no concurso é o día 29 de febreiro.
- A data de celebración do concurso será a semana previa ás vacacións de Semana Santa.
- Aos participantes daráselles tempo o mesmo día do concurso, previamente á realización do mesmo, para poder plegar os modelos.

Modalidade “Deseño”

- A data límite para presentar os modelos será o día 29 de febreiro.
- A relación de premiados comunicarase na semana previa ás vacacións de Semana Santa.

Premios

- Establécense dous premios en cada modalidade, que serán os seguintes:

**1º Premio: Nanocóptero teledirixido
 + Lote de libros**

**2º Premio: Cometa acrobática
 + Lote de libros**

Para calquera dúbida ou aclaración sobre estas bases ou sobre o concurso consultar co **Departamento de Tecnoloxía**.